

NOTA DE PRENSA

Grupo Cuevas chega a Vigo para compartir a celebración dos seus 150 anos “coas personas”

Ofrecerá experiencias exclusivas con fotografías en paisaxes a elegir e agasallos conmemorativos nos supermercados e cash

O Grupo Cuevas continúa a súa campaña de *street marketing*, iniciada en Ourense a pasada fin de semana, para dar testemuño na rúa da conmemoración do seu 150 aniversario. A proposta está pensada para proporcionar experiencias exclusivas a quen decida participar na iniciativa, ademais de posibilitar a creación dun mapa de imaxes personalizadas da celebración, co que se elaborará posteriormente un mostrario de perfís cidadáns que quedará como referencia histórica no site conmemorativo <http://150aniversario.grupocuevas.com>.

En palabras de Artur Yuste, Director Xeral do grupo, a campaña que, durante as próximas semanas, terá continuidade e presenza itinerante por varias cidades galegas que dispoñen de tendas do Grupo Cuevas, ten como obxectivo compartir esta celebración “coas persoas que nos acompañan día a día na nosa actividade, coas que confían en nós e coas que nos coñecen, mais tamén coas que simplemente temos preto, porque forman parte do noso territorio físico ou emocional”. Con esta iniciativa en marcha, Grupo Cuevas activa tamén o “alicerce” do social, que ocupará boa parte do programa de actos que xa se están desenvolvendo para conmemorar este 150 aniversario.

As actividades de *street marketing* do Grupo Cuevas chegan esta fin de semana a Vigo dentro dun singular recinto creado para a ocasión, que estará situado na zona do porto, próxima á popular escultura “O Nadador”. Neste espazo será posible facerse fotografías elixindo o fondo da imaxe de entre unha selección de localizacións que presentan “paradas” nun divertido percorrido histórico (o Vigo antigo, unha praia dos 80, un castiñeiro centenario...). Os participantes terán acceso a vales que lles reportarán obsequios conmemorativos como lembranza da efeméride e que serán distribuídos na rede de supermercados Aquí, Plenus e Aquí, ademais dos centros Cuevas Cash. Participando neste espazo tamén poderán acceder a cámaras fotográficas que reproducen imaxes *vintage* para plasmar a relatividade do tempo, un dos lemas sobre os que se construíu a imaxe do 150 aniversario.

Paralelamente a esta actividade, Grupo Cuevas pecha a primeira fase do seu Concurso de Creatividade Artística, dirixida aos creadores de Galicia coa relatividade do tempo como temática principal. A xuízo de Artur Yuste, este premio, cunha dotación total de 10 mil euros, “facilitará unha inmersión en como os artistas galegos contemplan o efecto dos anos e as

consecuencias de vivir”. Conclúe o director xeral de Grupo Cuevas que “ nos porán o espello diante do territorio e das persoas”.

Fundado en 1867, o Grupo Cuevas acada en 2017 os 150 anos. Un fito histórico se se ten en conta que en España existen preto de medio centenar de empresas en activo que sexan anteriores a 1900, e delas, apenas 20 naceron antes de 1867.